



Pequena guía de
SERES
FANTÁSTICOS

Onde son
todos os que están
pero non están
todos os que son



FADAS



Literarias e lexendarias, como Titania ou Morgana;
cinematográficas, como Campanilla; protectoras, como a
fada azul de Pinocho ou a madriña de Cincenta.
Nórdicas, exóticas ou clásicas, presentan diversos nomes
e variacións: ninfas, náíades, driadas, nereidas, sífides,
banshees, gandharvas...

*"Toda ela era un coallo de flores recendentes e no seu
centro había unha velliña de cara amábel. A roupa que
levaba era toda verde, coma as follas do salgueiro, chea
de flores brancas e grandes e non se vía ben se aquilo
era tecido ou verdura ou flores vivas".*

H.C.Andersen

BRUXAS



Feas e malas, perigosas, envexosas,
enganosas, tamén poden mudar a súa
forma e ser atraentes, pero, segundo Roald
Dahl... "*os ollos dunha bruxa auténtica son
diferentes dos teus ou dos meus. Olla para
ela no medio e medio dos ollos, alí onde
todos temos un puntinho negro, e se
tratar dunha bruxa, bruxa, o puntinho ha
cambiar de cor, e has ver nel lume ou xeo,
a bailar no centro dese punto e hanche
dar arrepiños polo corpo todo.*"

MAGOS



*Nun nimbo luminoso xorde o bardo adiviño,
envolveite en brancuras recendentes de liño,
ollos gazos, profundos, Longa barba florida,
cingue a fronte coas hedras da coroa druída
e na man, que reloce como un lirio bendito,
ten a fouce de ouro do litúrxico rito;
a fouce segadora da mandrágora, ó raio
de feitizo e de agoiro dos luars de Maio."*

Ramón Cabanillas

DUENDES DO TRASNOS



Na praia de Osmo en Corme (A Coruña) hai unha cova na que se di que viven os trasnos mariños, seres cobizosos, antolladizos e melancólicos -aínda que moi teimudos- que se encarraxan.

Poden ser pouco amábeis e mesmo vingativos.

A súa actividade fundamental é a de apoderarse do botín das embarcacións naufragadas e tamén a pesca de almas. Devecen pola cor vermella e nas súas saídas, que non amiúdan, van cubertos por unha túnica encarnada e unha pucha da mesma cor que nunca esquecen nin emprestan.

Dise que a pucha ten propiedades máxica. Nas mitoloxías antigas, asociábase á captura da pucha do trasno á procura de tesouros agochados e aquel que a posuía tiña o don de localizar estas riquezas.

Manuel Cousillas Rodríguez

ELFOS



"Son de estirpe germánica. De su aspecto poco sabemos, salvo que son siniestros y diminutos. Roban hacienda y roban niños. Se complacen asimismo en diabluras menores. En Inglaterra se dio el nombre de "elf-lock" (rizo de elfo) a un enredo del pelo, porque lo suponían obra de Elfos. Un exorcismo anglosajón les atribuye la malévolas facultad de arrojar desde lejos minúsculas flechas de hierro, que penetran sin dejar un rastro en la piel, y causan dolores neurálgicos. En alemán, pesadilla se traduce por Alp, los etimólogos derivan esa palabra de "elfo", dado que en la Edad Media era común la creencia de que los Elfos oprimían el pecho de los durmientes y les inspiraban sueños atroces."

Jorge Luis Borges

XENIOS



Convén saber que non hai unha única especie de xenio, senón moitas. Adoitan ser individuos poderosos e torturados e, se un se topa con algún, máis vale andar con coidado.

Os primeiros dos que temos noticia son os chamados xenios das botellas, que en xeral son arábigos e viven pechados en botellas ou lámpadas a agardar que algún mortal os tropece, fregue o seu cárcere e así saír; concederlle tres desexos e, se callar, liberarse.

GNOMOS



Curto de talla, barbados, amigos da Natureza son os ananos da mitoloxía nórdica. Viven en covas e tobos soterrados e detestan a luz.

Gardan os tesouros que se encerran nas profundidades e adícanse á minería. Son arteiros e enganosos. Poden conceder desexos, pero é fácil que estes se volvan contra quen os pide. Algúns explotan princesas e convértenas en criadas. Vid. "Branca Neves e os Sete Ananos"

FANTASMAS, ESPECTROS, APARICIONES, ESPÍRITOS



*Who's a ghost? - asked Stephen.
One who has faded into impalpability through
death, through absence, through change of
manners"*

*¿Qué é un fantasma? -preguntou Stephen.
"Un que se esvaía até ser impalpabel, por morte,
por ausencia, por cambio de costumes."*

James Joyce, (Ulysses, 154).

VAMPIROS



Son seres demoníacos, que como é sabido, odian a luz, non reflicten a súa imaxe nos espellos e chupan o sangue das súas vítimas para continuar vivindo entre o mundo dos vivos e o dos mortos.

Se un se topa con algún é mellor ser home ca muller; estar esperto ca durmido e dispoñer dunha boa estaca ben afiada na punta para espetarlle no peito. Para ben ser, hai que decepalos ou queimalos e aínda así non é seguro que morran. As restas de allos e as cruces de prata tamén son útiles en caso de ataque.

O máis famoso é o conde Drácula, pero... a nómina dos seus compinches é moi longa.

O YETI



Tamén chamado Abominábel Home das Neves, é un enigmático e colosal simio que se agocha nas neves perpetuas do Himalaia. Só se deixa ver polos monxes do Nepal e algúns alpinistas descarriados. Cuberto de pelo, desprázase erecto sobre os seus enormes pés, deixando grandes pegadas na neve. Os científicos, sempre tan descridos, negan a súa existencia.

LICÁNTROPOS



Desde o clásico Licaon á modernísima estirpe dos crepusculares, os lobishomes proliferaron nos contos populares, na literatura e no cine. Se non queres transformarte nun, debes tomar certas precaucións: non te vistas con peles de lobo, non te bañes na mesma auga ca eles, non durmas espido ao luar, non te expoñas a feitizos ou maldicións e nin se che ocorra namorar dalgún... Pero, se á fin sucumbes, procura paraxes solitarias e, nas noites de lúa chea, apóstate á beira dos camiños e agarda a que pase algún mozo ou moza suculentos e brandiños. Bo proveito!

XIGANTES



son tan enormes que dan medo, pois, ao seu paso, a terra estremécese. Solitarios e soturnos, en ocasións poden ser amigábeis.

"Daquela o xigante achegóuselle por detrás e colleuno xentilmente nas súas mans e empoligouno na árbore. E a árbore floreceu de súpeto e os paxaros viñeron cantar ás súa pólas e o neno abrazóuselle ao pescozo e bicouno. E os outros, cando viron que o xigante non era malo, volveron a correr ledizosos. Con eles a primavera regresou ao xardín."

Oscar Wilde

OGROS



Individuos grandes e comehomes. A palabra lembra o latín *Drcus*, que daba nome a unha divindade dos infernos, e tamén ao alemán antigo *Ögr*, que significaba feo. O bo que teñen é que non son moi listos, así que poden ser vencidos con valor e astucia a partes iguais. Ás veces, en cambio, son bos e medianamente intelixentes

CÍCLOPES



Son xigantes mitolóxicos cun único ollo situado no centro da testa (ollo que perdeu Polifemo mercé ás argucias de Ulises). Dí Hesíodo que son fortes, testáns, de bruscas emocións e cun temperamento espantosos».

UNICORNIDOS



Branco cabaliños mitolóxicos cun corno en espiral enriba da testa, patas de antílope e barbas de chibo. Fuxidíos e tímidos, só se deixan domesticar por mociñas doncelas.

PEGASO



Fillo de Poseidón e de Medusa, só se deixou montar por Beloronte para venceren entre os dous á Quimera. É amigo das musas e simboliza a sabedoría e a fama. Atribúeselle a creación das fontes nas que beben os poetas. É o provedor de raios para Zeus que, por súa vez, o converteu nunha constelación.

GRIFOS



Esta mestura de águia e león pode presentar ás veces un rabo de serpe. Pon ovos de ágata, é un bo gardián e inimigo mortal dos basiliscos.

Aparecen na Persia e na mitoloxía clásica, simbolizando no medievo, a dupla natureza de Cristo.

Na heráldica é moi representado porque a el vincúlanse moitas virtudes e ningún vicio.

BASILISCO



"O basilisco, tamén chamado rei das cobras, é verde-vivo e pode alcanzar até quince metros de cumprimento. Ten cabeza e patas de galiña e pode matar coa ollada, pero se non consegue matar animais, vírase para as plantas e sécaas ao miralas.

A súa crianza foi declarada ilegal, e está penada desde a Idade Media."

J. K Rowling

MEDUSA



Unha das tres gorgonas e a única mortal. Terríbel, aínda que bela, os seus cabelos son serpes e aquel que a olla, fica de pedra polo horror da súa contemplación. Cando Perseo a decepa, da súa cabeza saen o cabalo Pegaso e o xigante Criasor.

DRAGÓNS



Fabulosos réptiles alados de espectaculares dimensións, protectores de tesouros, cuxo alento de lume leva a devastación alá por onde pasan.

"Ao señor Ye gustábanlle tanto os dragóns que os tiña pintados ou tallados por toda a casa. Cando se enterou o verdadeiro dragón dos ceos, voou á terra e meteu a súa cabeza pola porta da casa de Ye e a súa cola por una das fiestras. Cando o señor Ye o viu, fuxiu espaventado, e case toleou."

Shen Buhai, *Shen Zi*, s.IV a.C.

KRAKEN



Especie de polbo xigantesco que vive nos mares das lendas nórdicas, cuxo lombo sobresaía na superficie, permitindo que os navíos antigos o confundisen con illas. A colisión con estes enxendros era fonte segura de naufraxios.

AVE ROC



"Los habitantes de la isla de Madagascar refieren que en determinada estación del año llega de las regiones australes una especie extraordinaria de pájaro, que llaman Roc. Su forma es parecida a la del águila, pero es incomparablemente mayor. El Roc es tan fuerte que puede levantar en sus garras a un elefante, volar con él por los aires y dejarlo caer desde lo alto para devorarlo después. Quienes han visto el Roc aseguran que las alas miden dieciséis pasos de punta a punta y que las plumas tienen ocho pasos de longitud."

Jorge Luis Borges

AVE FÉNIX



Mítico paxaro que ao morrer arde ata consumirse, aínda que despois renaza das súas cinzas.

Gasta plumas douradas e encarnadas e pode levantar animais moi pesados e transportalos en voo.

Vive en ciclos de cincocentos anos e os medievais, sempre dados á simboloxía, servíronse dela para representar a resurrección de Cristo.

GATO DE CHESHIRE



É un gato que Alicia coñece no País das Marbillas e que ten o molesto costume de aparecer e desaparecer a sorrir sempre dun xeito inquedante; mesmo cando o seu corpo está desaparecido, o seu sorriso insolente paira sobre a árbore na que dorme.


GATO CON BOTAS



Cando o fillo do muiñeiro recibiu en herdo
un gato, estivo a piques de o comer asado;
en troques, o gato cominouno para que lle
mercase unhas boas botas e un fardel
prometéndolle que, se así o facía,
el faríao rico.

De todos os felinos de conto, o gato con
botas é con certeza o máis arteiro e
destemido.

HOBBITS



Pequenos seres algareiros,
amigos de comer e de cantar;
que habitan a Comarca.
Son lonxeiros e de bo xorne e
andán descalzos, pois o pelo
rizado dos seus pés amortece
calquera pedra, cravo ou vidro
do camiño.

SEREAS



Estraordinarias sopranos mariñas, as sereas
-metade muller, metade peixe ou paxaro-
atraen cos seus cánticos aos mariñeiros aos
que engaiolan ata lles faceren embarrancar
os navíos.

O astuto Ulises tapoulles con cera as orellas
aos seus remeiros e libráronse así do engado.

Orfeo cantou máis docemente ca elas e
daquela, desesperadas por topar con alguén
inmune ao seu feitizo, botáronse ao mar e
ficaron convertidas en pedra.

TROLLS



Especie de xigantes que viven preferentemente en Escandinavia, en covas ou castelos remotos, alimentándose de viaxeiros incautos.

Foxen do sol como da peste, pois, se son capturados de día, existe o inconveniente de se converteren en pedra e estouparen en mil anacos.

ESFINXES



Criaturas con corpo de león e cabeza de muller.
Gústanlles os enigmas e traballan de gardas. Viven
en Exipto e na mitoloxía grega.

Se tedes pensado pasar por Tebas e visitar a de
alí, ide preparando algúns enigmas porque lle dá
por devorar aos que non llos dan atinado. E se
topades cunha que hai no planalto de Gizé,
abaixade a cabeza e mostrádelle respecto. Leva aí
séculos, entre pirámide e pirámide, fachendeando
do poder do faraón.

CENTAURDS



Moradores das montañas de Tesalia, teñen orixes incertas, corpo de cabalo e torso humano.

Case todos son brutais e incivilizados; non así o sabio Quirón, adestrador de heroes e consumado médico.

O MINOTAURO



Criatura que garda o labirinto do rei Minos habitando no seu centro. Cada nove anos papa sete rapaces e sete mozas atenienses. Teseo, coa axuda de Ariadna, dá conta del e remata con esta tradición de sacrificios tan desagradábel.

SÁTIROS




Rixosas criaturas masculinas que formaban parte dos cortexos de Pan e de Dionisio. Entregábanse aos praceres do sexo e do viño nas bacanais, que debían ser unhas esmorgas mitolóxicas de coidado. Sempre espidos, intentaban seducir ninfas, con escaso éxito dada a súa brutalidade e a aparencia: tiñan cornos, patas e rabo de chibo.

QUIMERA



De discutidas orixes, a quimera era un enxendro con corpo de león, rabo de serpe, e dúas cabezas anexas, unha de cabra e outra de serpe. O que se di unha beleza!

CANCERBEIRO




Can de tres cabezas e rabo de serpe que apostado á porta do Hades controlaba a entrada, impedindo que ninguén fuxise e saudando cerimonioso aos que chegaban.

MANTÍCORA




Especie mítica, de cabeza humana –con ou sen cornos– e corpo de cor vermella, preferentemente de león, que pode rematar no rabo dun escorpión. O seu tamaño é variábel e vai desde o dun león ao dun cabalo, podendo ás veces presentar coiraza. As ás son tamén opcionais.

ARPÍAS



Aínda que os gregos as dotasen de fermosos corpos femininos alados, co tempo transformáronse en xenios malévolos con corpo de ave rapaz, horrorosa face de muller; orellas de oso e poutas afiadas portadoras das tempestades e da desgraza.

GALIÑAS, PARRULOS, ROUSINDIS E ANDURIÑAS



Poñen ovos de ouro, reparten riquezas no país do Príncipe Feliz (aínda que nunca máis cheguen ao sur), transfórmanse en belísimos cisnes... As aves dos contos sulcan os ceos da fantasía e o seu vó remóntanos canda elas.

BATRACIOS E REPTILES



Na zooloxía fantástica ocupan un lugar esencial. Serpes, sapos e ras son inherentes ao mundo das bruxas e os seus feitizos, como condimento de pócimas, como amigos íntimos, ou como desgrazados príncipes que agardan un beixo liberador.



BIBLIOGRAFÍA

A maior parte das referencias son do fantástico libro de Paula Ruggieri "El gran compendio de las criaturas fantásticas", publicado por Círculo Latino. O resto débense á cada vez peor memoria, asistida por Internet, das compoñentes do equipo da Biblioteca.

